




ECOLINGÜISMO

Agradecemos a Pedro Lamas e a Xacobe Meléndrez a cesión das fotos.

Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL)

**Área de Normalización Lingüística
Universidade de Vigo**

{g} coordinadora galega
de equipos
de normalización e
dinamización lingüística



E aínda é nova a Terra



Os eidos II, Uxío Novoneyra (2010, Ano de Uxío Novoneyra)

ECOLINGÜISMO



Dende os anos setenta, en que o lingüista Einar Haugene usou por primeira vez este termo para referirse ao estudo das interrelacións entre as linguas e o seu contorno, vén sendo cada vez máis frecuente.

Hoxe, comezando o século XXI, son moitos os que se dan de conta de que as linguas están influenciadas de maneira directa pola situación social e psicolóxica na que viven e que por iso unha gran cantidade delas, igual que outros seres vivos, corren perigo de desaparecer de non implicármonos na súa preservación.

A diversidade lingüística é un ben básico do ser humano e a perda dunha lingua é semellante ao que supón para o sistema a perda dunha planta ou dun animal. As diversas linguas deben convivir nunha mesma zona de forma sostible, é dicir, nun contexto equilibrado. É obvio que existen linguas con gran número de falantes e outras que teñen poucos pero o papel de todas elas é importante para manter o plurilingüismo, igual que existen animais grandes e pequenos ou que habitan grandes rexións ou espazos reducidos pero todos son importantes porque se trata dunha cadea na que cada un é un elo que cumpre a súa función.

ECOLINGÜISMO



Como un ecosistema, o multilingüismo sofre tensións que o fan perigar por iso unha ecoloxía lingüística é tan urxente como a biolóxica. Son cinco as razóns que, seguindo ao experto David Crystal, adoitan usarse para xustificar esta necesidade de protección: Porque necesitamos a diversidade, porque as linguas expresan a identidade, son depositarias da historia, contribúen ao coñecemento humano e son interesantes por si mesmas”.

A preservación das linguas non é só un asunto lingüístico porque non se pode separar da loita pola democracia e os dereitos colectivos das persoas. As linguas non son dos falantes, nin sequera das comunidades que as usan, a perda dunha lingua aféctanos a toda a humanidade e por iso todos e todas nos temos que responsabilizar na súa conservación.

Nomes

Os ollos, as estrelas,
os paxaros, o millo
o loureiro, a miñoca
cega, a cobra axexando
as augas no penedo
debulladas, o seme,
o ovario, o vento xoven
que espalla e nos sementa.
Tamén o sangue morto
do sol voltando á touba.
Os ollos, os oídos,
a boca, o bafo, os poros,
o recendo da terra.
As ás destas palabras.
O universo. Unha lingua.

A.Domínguez Rey





ECOLINGÜISMO

1. A PERDA

A perda



Nun século, máis da metade das especies corren o risco de desaparecer. A maioría erradicáranse sen que fosen inventariadas nin estudadas bioloxica nin quimicamente. Non sabemos que activos teremos perdido, contra que enfermidades poderíamos ter loitado. Un exemplo, a ra australiana (*rheobatrachus* sp.) podería dar información para previr e tratar a úlcera péptica en humanos (as femias son capaces de incubar os ovos no seu estómago) pero non puido ser porque se extinguiron as dúas especies que existían.

Cada ano morren 25 linguas en todo o mundo. Existen agora cinco mil linguas das dez mil que había hai uns cinco séculos. Dise que ao final do século XXI haberá a metade, unhas dúas mil cincocentas linguas ou incluso menos, se se acelera o proceso de desaparicións. Segundo a UNESCO unha lingua desaparece cando se extinguen os seus falantes ou cando estes deixan de utilizala para expresarse noutra que, con frecuencia, está máis estendida e é falada por un grupo preponderante.

A perda



Para Claude Hagège “os idiomas son un reflexo da inmensidade dos costumes e das formas de vida que constitúen o mundo, son como ventás a través das cales as poboacións humanas poñen o universo en palabras. A perda dunha lingua significa, polo tanto, a perda dunha visión do mundo: un empobrecemento e un empequeñecemento da intelixencia humana”.

Preservar a biodeversidade é darlle unha oportunidade ao futuro

A perda

Preservar a biodiversidade é darlle unha oportunidade ao futuro



Os pobos



A perda

Preservar a biodeversidade é darlle unha oportunidade ao futuro



Uns pobos son como flores.

Outros coma pedras quentes ao sol.

Ollade o deserto,
este mar de roxos fresóns de pedra.

Alí dormen pobos, mitos, imperios,
coma roseiras que ninguén viu caer.
As mulleres, cando raíñas,
daban tesouros labourados por unha frauta triste.

A perda

Preservar a biodeversidade é darlle unha oportunidade ao futuro



Outros pobos son de neve,
alongados no silencio do mundo:
os bosques muxen tremosos no vento.

Ao Leste a Rusia nace cunha flor de sangue no
costado.
e ao Oeste,
o Americano da pradeira
ergue a morte sorrindo sempre, impasíbel.



A perda

Preservar a biodiversidade é darlle unha oportunidade ao futuro

Mais este pobo noso
dorme na trágica festa da vida,
os pés nus no mar verdeceiro
a testa firme e triste, no ceo,
entre montañas.

Os deuses fuxiron das súas enciñeiras

Este pobo vello
baixou pola correioira do tempo,
rindo e chorando polo seu destino.



Eduardo Moreiras



A perda

Preservar a biodiversidade é darlle unha oportunidade ao futuro



Desaparecen do planeta 47 especies de flora e fauna cada día.


Calcúlase que no século XXI poden desaparecer aproximadamente entre 25 e 30 idiomas cada ano.



A perda

Preservar a biodeversidade é darlle unha oportunidade ao futuro

No ano 2009 existían 17.291 especies en perigo de extinción (flora e fauna), un 2,14% máis que en 2008 (16.928 especies), segundo a UICN (Unión Internacional para a conservación da Natureza).



Do mapa das linguas en perigo ou ameazadas de desaparición só queda fóra unha porcentaxe de entre o 5 e o 10% da actual diversidade lingüística.

A perda

Preservar a biodiversidade é darlle unha oportunidade ao futuro



Algunhas das moitas especies en perigo de extinción en Galicia son o mazarico real ou a pita do monte.

A porcentaxe de galego-falantes caeu do 61 ao 32 % en só 12 anos; De 1992 ao 2004 en Galicia duplicouse o número de persoas que só se expresan en castelán (Mapa Sociolingüístico de Galicia).



A perda

Preservar a biodeversidade é darlle unha oportunidade ao futuro

Algunhas das moitas especies en perigo de extinción na Península ibérica son o lobo, o lince, a balea franca ou basca, o cardo...



As linguas en perigo de extinción na Península, segundo a UNESCO, son o astur-leonés (150.000 falantes), o aragonés (10.000 falantes) e o aranés (4.700 falantes); en situación vulnerable está o éuscaro (660.000 falantes).



A perda

Preservar a biodiversidade é darlle unha oportunidade ao futuro

Algunhas das moitas especies en perigo de extinción no mundo son o tigre, o koala, o oso panda, o gorila...



Algunhas das 2363 linguas en perigo de extinción no mundo son o normando , en Francia; o frisón do norte, en Alemaña; o araona, en Brasil e Bolivia; o comanche , en EEUU; o ottawa, en EEUU e Canadá; o bangani , na India; o manchú, en China; o ongamo, en Kenia...



A perda

Preservar a biodeversidade é darlle unha oportunidade ao futuro



O 21% dos mamíferos coñecidos, o 30% dos anfibios coñecidos, o 12 % das aves coñecidas, o 28 % dos réptiles, o 37 % dos peixes de auga doce, o 70% das plantas e o 35 % dos invertebrados avaliados ata agora están ameazados.

O 60% das linguas ten menos de 10.000 falantes e o 25% menos de 1.000. O 50% das linguas perde falantes na actualidade. A metade das linguas do mundo están moi ameazadas.

A perda

Preservar a biodiversidade é darlle unha oportunidade ao futuro

No ano 2009 detectáronse 3325 especies en perigo crítico de extinción (UICN).



Un total de 199 idiomas contan con menos de 10 falantes (Atlas das linguas elaborado pola UNESCO).



ECOLINGÜISMO

2. A MESTURA

A mestura



A biodiversidade existe porque as diferentes especies adaptanse ás distintas características xeográficas, climatolóxicas ... dunha zona. O ecosistema é un equilibrio de distintas especies de flora e fauna; cando se introducen especies foráneas ponse en perigo a supervivencia de especies autóctonas xa que compiten con estas polo alimento sen contar cos depredadores naturais que aquelas tiñan na súa zona de orixe supoñendo unha das principais ameazas para a biodiversidade na zona en que son introducidas.

Outro dos graves problemas que afectan á natureza vén dada pola hibridación de especies, os transxénicos. Os produtos transxénicos proceden de organismos modificados xeneticamente, aos que se lles engadiron xens de plantas, animais, bacterias ou calquera outro ser vivo co que nunca poderían cruzarse de xeito natural e que achegan ao organismo unha característica que antes non tiñan. Un estudo revela que o millo modificado xeneticamente afecta á reprodución nos ratos. Este traballo, que é un dos escasos realizados a longo prazo dos efectos dos transxénicos na alimentación, conclúe que a fertilidade dos ratos alimentados con millo modificado xeneticamente viuse seriamente danada, xa que se reduciu a súa descendencia respecto aos ratos alimentados con millo convencional. O estudo, feito público polo Goberno de Austria, identifica graves ameazas para a saúde por consumo de organismos modificados xeneticamente.

A mestura



Todos oímos falar do spanglish, do portuñol e, por suposto, do castrapo. Cando dúas linguas entran en contacto prodúcense unha serie de fenómenos que os especialistas deron en chamar “procesos de crioulización” é dicir, procesos nos que a partir da introdución de estranxeirismos (barbarismos porque fan desaparecer palabras que o idioma tiña de seu e que, polo tanto, adaptábanse á idiosincrasia do pobo) vaise producindo unha mestura que poden terminar coa propia lingua.

Os préstamos entre linguas son habituais pero cando desprazan palabras que existen na lingua propia son innecesarios, convértense en interferencias lingüísticas que poden acabar co idioma propio. O falante rexeita a súa lingua (que non considera válida por vela chea de impurezas e polo tanto inadecuada) ou acepta que todo vale, e que a norma culta non é precisa e resulta artificial, degradando así a lingua a unha situación inferior e restrinxindo o seu uso ao ámbito familiar.

**O respecto polo alleo parte
do aprezo do propio**

A mestura

O respecto polo alleo parte do aprezo do propio



O nome




A mestura

O respecto polo alleo parte do aprezo do propio

Pra iso é o verso, o meu verso,
o dos poetas escolleitos.
Pra lle dar eternidade ás cousas.
Eiquí está, logo,
o seu verdadeiro nacemento.

¡Ou, a angustia de bautizarte,
á agarda de que chegue,
a palabra precisa!
E, daquela, esa delor,
o ardente pracer
de facer eterno o tempo da agarda.

Ela virá sen o seu nome,
espida, por antre o silencio.
¡Ou, angustia de bautizarte,
o glorioso milagre de atopar o teu nome!



Porque hai palabras que viviron
só un intre
(a pía, na sombra,
i o altar luminoso
i o poeta revestido)
e tamén existen palabras mortas
i outras que viven na soedade.

E palabras que palpitán
a través do sangue dos dedos dun
cego.
E palabras para pechar as pálpebras
dos moribundos.

E palabras lixeiras
que as leva o vento.
[...]

Luís Pimentel



A mestura

O respecto polo alleo parte do aprezo do propio

A toxina que producen algunhas plantas transxénicas contra determinadas pragas de insectos poden afectar a outras insectos beneficiosos; así o millo Bt, resistente ao “taladro”, provocou a morte de exemplares dunha especie de bolboreta.



Palabras como Bueeno, grifo,... aínda que estean moi estendidas son alleas ao galego; aceptar a súa introdución supón condenar formas propias á desaparición.



A mestura

O respecto polo alleo parte do aprezo do propio



A introdución de especies exóticas con comportamento invasor está considerado pola UICN como a segunda causa de extinción de especies.

Unha das principais causas da extinción de linguas é a asimilación lingüística.

A mestura

O respecto polo alleo parte do aprezo do propio



A corta de árbores, a súa substitución por eucaliptais ou piñeirais, a construción de infraestruturas sen estudos ambientais (minicentrais hidroeléctricas, estradas,...) e os incendios ameazan os nosos bosques e fragas.

A presión de especies alleas provoca efectos patóxicos nos idiomas que pode levar á substitución total da especie lingüística propia.

A mestura

O respecto polo alleo parte do aprezo do propio



Segundo a UICN o perigo que representan as especies invasoras do hábitat aumenta co comercio e a globalización.



A asimilación lingüística implica unha perda da visión propia do mundo porque cada lingua nace da necesidade que teñen os seus falantes de comprender o universo e a natureza que os rodea

A mestura

O respecto polo alleo parte do aprezo do propio



Segundo algúns expertos cada día viaxan polo mundo unhas 3000 especies de organismos nas augas de lastre dos barcos que poden chegar, polo tanto, a hábitats moi diferentes dos seus.

Algúns idiomas viviron unha expansión que os levou a ocupar espazos onde existían outras linguas que viron relegado o seu uso: o 97% da poboación mundial fala hoxe só o 4% das linguas.

A mestura

O respecto polo alleo parte do aprezo do propio

- As especies invasoras expándense por todo o mundo, mesmo en Sudamérica, onde se atopa entre o 75 e o 85 % da flora e fauna mundial; no Río da Prata o mexillón dourado pasou en dous anos de 4 ou 5 individuos por metro cadrado a 150.000.



No Atlas Lingüístico constátase que estados como India, Estados Unidos, Brasil, Indonesia e México, con gran diversidade lingüística, son ao mesmo tempo os que teñen máis linguas en perigo, porque unha impoñe sobre as demais, que nin sempre é autóctona.



A mestura

O respecto polo alleo parte do aprezo do propio

As políticas de subvención á reforestación con especies alleas como o eucalipto producíronse durante anos debido ao seu rápido rendemento económico; hoxe esta especie foránea cobre o 27% do monte arborado (máis da cuarta parte) en Galicia.



Nalgúns casos o impulso por parte do estado dunha das linguas locais leva a situacións como a de Francia na que hai 26 idiomas en perigo.

A mestura

O respecto polo alleo parte do aprezo do propio



A expansión masiva de eucaliptos é un grave problema que provoca unha notable diminución da diversidade biolóxica, a propagación dos incendios e pode ocasionar a desecación de terreos.

Cando utilizamos só formas coincidentes coas do castelán (orgullo) renunciamos a formas propias (fachenda) e empobrecemos o idioma.



A mestura

O respecto polo alleo parte do aprezo do propio



Na maioría dos casos a introdución de especies foráneas ten a súa causa na intención humana que por razóns ornamentais ou económicas achega novos espécimes que alteran o medio natural.

Unha das causas da introdución de linguas alleas é a homoxeneización, que en moitos casos se fixo a través do sistema educativo: alfabetización dos indios en América, alfabetización en castelán en todos os territorios do Estado español (Real Cédula de Aranjuez, Lei Moyano, etc)....

A mestura

O respecto polo alleo parte do aprezo do propio



Nalgunhas comunidades o prexuízo contra o propio leva a admirar o alleo sen comprender o que de bo hai no de un.



ECOLINGÜISMO

3. A RECUPERACIÓN

A recuperación



CONSUMO RESPONSABLE

Os recursos do planeta son limitados. Dos nosos actos depende en boa parte a súa perdurabilidade.

Consumir é inevitable. Para vivir temos que consumir mais debemos facelo con responsabilidade. O consumo responsable é aquel que permite a sustentabilidade ecolóxica e procura ao mesmo tempo a xustiza social; polo tanto debemos intentar mercar produtos da zona ou o máis achegados posible para evitar intermediarios, que fosen cultivados sen axentes contaminantes e deixando os menos residuos posibles.

Outra forma de consumir responsablemente é reducir o impacto dos residuos que xeramos. Para isto é fundamental concienciarnos da importancia dalgunhas prácticas como a reutilización e a reciclaxe.

Tamén a lingua é un ben e, aínda que os seus recursos non son limitados, a súa perdurabilidade depende dos nosos actos.

A recuperación



É o compromiso individual, a utilización e reutilización que fagamos da lingua o que permite a súa vitalidade. **Recíclate, pásate ao galego!!!!**

Segundo Goretti Sanmartín:

Temos que superar esas barreiras entre galegofalantes e neofalantes e constituírmonos todas as persoas en neofalantes que renovan día a día o seu compromiso coa lingua. Porque todos os días (re)negociamos a(s) lingua(s) que utilizamos e os modelos de lingua que empregamos.

***As linguas constrúense, enríquécense
e renóvanse co seu uso***


A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéense e renóvanse co seu uso



[...]
Nomearás calquera cousa
-árbore, cabalo, pedra-
e veralos nacer coa súa vida máis íntima
cos seus contornos máis puros.
[...]

Luis Pimentel



A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéense e renóvanse co seu uso



- A reutilización de papeis usados e o emprego de papel reciclado reduce a necesidade de plantar eucaliptos para producir papel.



O uso dunha lingua ameazada ou en perigo de extinción reduce un chisco o risco da súa perda

A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéense e renóvanse co seu uso



O intento de uso correcto do idioma contribúe a non perder formas autóctonas creadas polo xenio histórico dun pobo.

A biodiversidade e conservación de especies autóctonas depende en boa parte do mantemento de usos agrícolas que a sabedoría dos pobos foi transmitindo de xeración en xeración



A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéanse e renóvanse co seu uso



Os bosques autóctonos son o hábitat de moitas especies de fauna e flora. O aproveitamento ecoloxicamente adecuado é compatible coa súa conservación e contribúe ao noso benestar.



Revitalizar unha lingua, patrimonio histórico dun pobo, contribúe ao plurilingüismo e polo tanto ao enriquecemento da cultura humana.



A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéanse e renóvanse co seu uso



A separación de residuos supón un custo inicial pero é útil e beneficiosa para o ecosistema porque axuda á reciclaxe.



O uso dunha lingua sempre custa un esforzo ao principio pero ademais de ser útil para ampliar a túa cultura, compénsase o ecosistema lingüístico e aproxímate á realidade na que vives.

A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéanse e renóvanse co seu uso



Consumindo produtos locais e de tempada reduciremos o impacto ambiental ao minimizarmos o transporte e melloramos a economía do contorno (pequenos produtores).

Se ao viaxarmos nos interesamos pola lingua da xente que visitamos, conseguiremos o seu aprezo porque nós amosarémoslle respecto pola súa cultura, e aprenderemos un pouco máis do mundo.




A recuperación

As linguas constrúense, enriquecése e renóvanse co seu uso

A nosa capacidade para reutilizar será maior canto maior sexa a nosa experiencia no tema; reutilizar é tamén reparar, remendar e restaurar.

Canto maior sexa o noso dominio de linguas maior, será a nosa capacidade para adquirir outras novas; non deixes de lado linguas próximas á túa, descubrirás que as podes entender mellor do que pensas



A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéanse e renóvanse co seu uso



Os problemas ecolóxicos globais devoran o planeta. Con pequenos actos, aparentemente insignificantes, nós podemos axudar a crear un novo futuro ambiental.



Mira de interesarte pola lingua que pode extinguirse: verás que é útil e necesaria, e contribuirás á reforestación lingüística. Escribir ou falar unha lingua de moitos falantes non é ningunha garantía de ser escoitado. En cambio, falar coma os que temos máis á beira é facernos sentir.

.

A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéanse e renóvanse co seu uso

Usemos especies autóctonas aínda que non produzan redemento económico a curto prazo porque é a forma adecuada de manter o equilibrio do ecosistema.



Non impoñas linguas dominantes, replanta linguas ameazadas; non uses castelán en Portugal, fala en galego que nos achega máis e fainos máis próximos; non te distancies, achégate.



A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéanse e renóvanse co seu uso



Os gobernos teñen que adoptar medidas para a protección dos ecosistemas a través de leis que garantan e melloren o medio e eviten a contaminación.

Os poderes executivos e lexislativos están obrigados por lei a desenvolver medidas para a potenciación da lingua propia e evitar a súa desaparición.



A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéense e renóvanse co seu uso



Para manter a biodiversidade débense potenciar as axudas para a reforestación con especies propias (castiñeiro, carballo) e evitar o abandono do monte.



Para manter a lingua propia hai que normalizar o seu uso, é dicir, facer que exista a posibilidade de vivir nela en todos os ámbitos.

A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéanse e renóvanse co seu uso



Entre as medidas para a protección de especies están os parques naturais (como o Complexo dunar de Corrubedo), os parques nacionais (como o Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas), os monumentos naturais (como a Praia das Catedrais), as reservas da biosfera (como os Ancares lucenses)...



Entre as medidas para desenvolver a normalización lingüística están a súa potenciación nos medios de comunicación, na empresa... e no ensino.

A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéanse e renóvanse co seu uso



Desde o ano 1994 estableceuse o día 22 de maio como o Día mundial da diversidade biolóxica.




A Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias é un tratado europeo adoptado no ano 1992 polo Consello de Europa para axudar á maioría de linguas minorizadas de Europa.

A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéanse e renóvanse co seu uso



As linguas, sobre todo as pouco faladas ou pouco estendidas, crean lazos invisibles, son sinais de benvida, transforman a un alleo nun veciño. Axuda aos demais a aprendelas e úsaas sempre que poidas. O idioma é un pasaporte que non caduca: contribúe a obtelo para sempre.



A vitalidade do idioma depende da actitude e compromiso de cada persoa coa súa propia lingua, co seu propio medio.

A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéense e renóvanse co seu uso



A canción do retorno



A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéense e renóvanse co seu uso



Voltaremos aos bosques por amor,

À fondura do ar.



A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéense e renóvanse co seu uso



Voltaremos ao brinco do veado,
ás arañas que tecen labirintos de orballo,
aos corpos alagados que nas silveiras cantan.

A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéanse e renóvanse co seu uso



Voltaremos ao húmido zarcillo que gavexa polo muro cantando
ao ímpeto da luz ao se doar,
aos élitros insomnes da nacente alborada.

Reanudaremos o baño nos regatos

E o mordisco prohibido na mazá.

Colleremos as amoras en vellas cuncas de barro e o viño en toscos xarros.



A recuperación

As linguas constrúense, enriquecése e renóvanse co seu uso



Falaremos decote de libélulas e astros.
Beberemos na verza a auga da fontana.

Asistiremos ás chuvias esponsais, á construción das colmeas, á loucura da lesma bébeda de humidade.
Voltaremos a sacar a cadeira ao limiar e a danzarmos á sombra do castiñeiro venerábel.
Reaprenderemos co canto do pintasilgo e a lisura mortífera do arco.
Perpetuaremos unha sementa de espiga e unha codia de boroa candente en cada man.

A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéense e renóvanse co seu uso



E alí onde o vendaval arranca as árbores
e as ondas embaten contra o xordo rancor do
acantilado,

A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéense e renóvanse co seu uso



alí onde xermina un canto sen consolo nunha luz sen esperanza
e o sol outorga ao horizonte
o derradeiro abrazo,



A recuperación

As linguas constrúense, enriquecéense e renóvanse co seu uso



alí ergueremos a morte con alento de vida,
alí cumpriremos a vida con vocación de
canto.

X. Seoane



ECOLINGÜISMO

Coordinadora Galega de Equipos de
Normalización e Dinamización Lingüística
(CGENDL)

Área de Normalización Lingüística
Universidade de Vigo

{g coordinadora galega
de equipos
de normalización e
dinamización lingüística

